

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 31/05/2021**  
**(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDE**

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 31/05/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 24 de maio de 2021, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2021/1846**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Automoción La Junquera SL para reparación do vehículo matrícula 5479-GJC adscrito ao citado servizo (cambiar enchufes cazo, desmontar botella 1º prolonga guindastre para cambiar guía e patín, rellenar hidráulico, soldar cazo), por un importe total de 723,16€ (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/1847**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de La Voz de Galicia SA, para a colaboración do foro organizado por La Voz de Galicia para dar a coñecer as medidas adoptadas, así como a eposición de argumentos de persoas involucradas e referentes nos seus respectivos ámbitos, que terá lugar o vindeiro 10 de xuño no Salón García, por un importe total de 4.235,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/1848**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de La Voz de Galicia SA, para a inserción dunha reportaxe dunha páxina sobre o modelo de Vilagarcía como cidade sostible, a publicar o vindeiro 5 de xuño no monográfico de medio Ambiente e Sostibilidade de la Voz de Galicia, por un importe total de 1.815,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/1849**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sketch System-Digipress para o subministro de material para o ploter, por un importe total de 3.962,80€ (IVE e portes incluídos), con cargo á partida 926.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/1850**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a publicación do libriño "Anaco 5" - A Mesa das Verbas (500 exemplares de 64 páxinas), con cargo á partida 926.2260201, coa seguinte desagregación:

- Deseño e maquetación. D. Carlos Crespo Gómez (Dito & Feito), por importe de 145,20 € (IVE incluído)

- Impresión: Artes Gráficas Anduriña SCG, por un importe total de 1.034,80 € (IVE incluído)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/1852**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sepymedical, S.L., para subministro de vestiario e os EPI para un traballador de recente incorporación no servizo, por un importe total de 3.824,45€ (IVE incluído), con cargo á partida 135.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/1853**

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Begoña Diz Lorenzo solicitando mellora na sinalización da rúa Travesía Rúa do Xogo en Vilaxoán, visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a colocación dun sinal vertical S 15a, de presinalización de calzada sen saída na entrada da rúa Travesía Rúa do Xogo en Vilaxoán, para evitar que poidan entrar nela vehículos que descoñezan que a mesma non posúe saída, coa conseguinte dificultade de manobra que se orixina.

#### **PRP2021/1855**

Dáse conta de escrito presentado por Dona María del Mar Miguéns García solicitando colocación de espello na rúa San Martiño á altura do nº7, visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación dun espello por parte do Concello á altura do nº7 da rúa San Martiño, xa que debido a que o muro de peche da vivenda nº5 está mais cara a calzada que o resto, para saír de dita rua hai perigo debido a que non se ven os coches que acceden da Avda Pontevedra.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

#### **PRP2021/1856**

Visto o informe da Policía Local en relación á prohibición de estacionamento da rúa Sobradelo, a Xunta de Goberno acorda aprobar a colocación de sinalización vertical r-308 en ambas marxes ao comezo da rúa e á altura da intersección coa rúa Pereria, todo elo en sentido da Avda de Cambados a San Antonio e en sentido contrario á altura do número 50 da mencionada rúa e da confluencia coa rúa Pereira.

**PRP2021/1857**

Dáse conta do escrito presentado por Don Pablo Pérez Martínez, expoñendo unha serie de queixas sobre a sinalización actual da Avda da Vilanova, propoñendo medidas de mellora nas condicións de visibilidade e regulación do tráfico, e sinalando a perigosidade na actual ubicación dun paso de peóns fronte ó número 82 da mencionada avenida. Visto o informe da Policía Local sinalando que o titular da vía e a Xunta de Galicia e polo tanto son os técnicos desta administración quenelles corresponde a valoración ou informe ao respecto. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o citado informe da Policía Local e o escrito do Sr. Pérez Martínez á Consellería Infraestruturas e Mobilidade-Delegación Provincial, coa finalidade de que sexan subsanadas as carencias expostas e se instale, de ser posible, un semáforo que regule o paso de peóns situado á altura do nº82 da Avda de Vilanova.

**PRP2021/1858**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de la O Fernández González solicitando informe sobre o proxecto do arranxo do skatepark do Cavadelo, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a Sra. Fernández González o acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/01/2021 de adjudicación para redacción do proxecto básico e de execución para a "Intervención e Humanización da parcela do Parque Público de O Cavadelo".

**PRP2021/1859**

Dáse conta do escrito presentado por Dona M<sup>a</sup> Jesús Conde García e numerosos veciños de Os Martices, parroquia de Cea, solicitando a adopción de medidas, para moderar a velocidade na carretera de Vilagarcía a Caldas de Reis, dado que o titular da vía é a Xunta de Galicia. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o escrito da Sra. Conde García e demais veciños, á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade-Delegación Provincial, coa finalidade de instalar medidas de seguridade para forzar aos vehículos a respetar os límites de velocidade establecidos.

**PRP2021/1860**

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 03 de maio de 2021 de aprobación orzamento presentado por Rodiño y Briones S.L. para subministro de máscaras respiratorias tipo FFP2.

Onde dí: 20.000 máscaras respiratorias tipo FFP2

Debe dicir: 50.000 máscaras respiratorias tipo FFP2

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o citado erro.

**PRP2021/1830**

Dáse conta da solicitude de préstamo de bens para exposición denominada "Antonio Palacios Vanguardia e Tradición", organizada polo museo do mar de Galicia ao longo dos meses de setembro de 2021 a xaneiro de 2022.

Para a realización desta exposición, o Museo do mar, esta a reunir as obras asinadas polo arquitecto Antonio Palacios. O Concello de Vilagarcía é propietario da obra denominada "Plano de ensanche de Vilagarcía do ano 1922", actualmente almacenado no arquivo municipal por motivo das obras de mantemento que se están a realizar nas dependencias onde se ubica a Alcaldía.

O Museo do Mar de Galicia, según consta no documento de préstamo remitido, comprométese a garantir as condicións ambientais e de seguridade da sala de exposicións, así como a recollida e entrega da obra.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar o préstamo da citada obra.

**PRP2021/1890**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Rodisa, S.L. para a reparación do vehículo matrícula E-5987-

BCT(cambiar rodas), por un importe total de 1.010,06€ (IVE incluído), con cargo á partida 454-214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/1891**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Materiales Lamarca, S.L. para o subministro de material para reparacións de alcantarillado e pluviais en diversos puntos, por un importe total de 4.065,60€ (IVE incluído), con cargo á partida 161-210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2021/1827**

Dáse conta de certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao 1º trimestre do ano 2021, coa seguinte desagregación:

- Mes de xaneiro: 41.777,93 €
- Mes de febreiro. 42.331,79 €
- Mes de marzo: 45.629,95 €

Total nómina neta 1º trimestre: 129.739,67 €

Total devengado: 129.739,67 €

A Xunta de Goberno queda sabedora.

#### **PRP2021/1854**

Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e lista de agarda para a Escola Infantil Municipal de Vilagarcía de Arousa para o curso 2021/2022.

As persoas admitidas deberán formalizar a matrícula entre o 1 e o 11 de xuño de 2021, ambos incluídos. De non facelo entenderase que renuncian á praza asignada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **EMPREGO**

#### **PRP2021/1832**

Dáse conta do erro material que consta no certificado correspondente ao acordo adoptado pola XGL de 10 de maio de 2021, de concesión de axuda a Restaurante Fogón da Ría SL dentro do programa de axudas municipais de apoio á reactivación da actividade económica, figurando no mesmo:

...)

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de OITOCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

E debendo figurar:

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de OITOCENTOS EUROS (800,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2021/1836**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto de aloxamento dos participantes na IV edición do Festival Internacional de Musica clasclas 2021, con cargo á partida orzamentaria 3261.22699 (proxecto 2021-3-POS21-10), coa seguinte desagregación:

- Pazo o Rial S.A., Hotel Castelao, por un importe total, de 4.426,80 €, IVA engadido, para o aloxamento dos artistas participantes no festival. do 25 de xuño de 2021 ao 5 de xullo de 2021
- Turismo na Vila S.L., Hotel Vilagarcia, por un importe total de 2.962,00 € IVA engadido para o aloxamento dos participantes no Programa de Masterclasses do Festival, do 27 de xuño de 2021 ao 4 de xullo de 2021.

### **MERCADOS**

#### **PRP2021/1861**

Dáse conta do escrito presentado por D. Joaquín Ulloa Charlin, solicitando o pase á súa titularidade do posto nº 1, da zona I, Exterior, da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, por ter formalizado todos os requisitos.

Dáse conta do informe do Servizo de Mercados no que se indica que D. Joaquín Ulloa Charlin cumpríu o preceptuado no Art. 16 do Regulamento Municipal de Mercados, pagando ó Concello os dereitos de traspaso do mencionado posto por importe de 3.382,39 €, aportando o documento acreditativo.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda a concesión do posto nº 1, da zona I, Exterior da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa a favor de D. Joaquín Ulloa Charlin, debendo estar en posesión de toda a documentación necesaria para o exercicio da actividade.

#### **PRP2021/1862**

Dáse conta do escrito presentado por D. Pablo Bravo Mougán para instalar un vehículo tenda de 10 x 3 metros, para a venda de produtos de alimentación no mercado semanal.

Dáse conta de informe do Servizo de Mercados no que se indica que actualmente os produtos de alimentación no mercado están todos situados na Zona do Río, na Rúa García de Caamaño, diante da Praza de Abastos. Estes postos teñen unha limitación en metros determinada, adaptándose ás características da zona, farois, árbores, etc.

As dimensións do posto que solicita excede do oco baleiro, dunha baixa dun posto de froita de 7 m. polo que neste momento non se podería situar o posto por falta de espazo.

Na actualidade está baleiro por baixa do anterior concesionario o módulo nº 5, postos nº 9 e 10 da ala lateral esquerda da Praza de Abastos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Bravo Mougán que no caso de interesarlle podería solicitar o módulo nº 5, postos 9 e 10 da ala lateral esquerda da Praza de Abastos por adaptarse á actividade, debendo poñerse en contacto co Servizo de Mercados aos efectos oportunos.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **PRP2021/1851**

Dáse conta da solicitude de colaboración e solicitude de uso de espazo público (Pza. Da Xunqueira e se chove á Pza. da Peixeiría) da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e a través da Dir. Do Espazo Xove de Vilagarcía para desenvolver, en Vilagarcía, unha das actividades da "1ª LIGA GALEGA DE BREAK" e que terá lugar o vindeiro día 19 de xuño de 2021 e en horario de mañá e tarde.

O proxecto denomínase "1ª LIGA GALEGA DE BREAK". Este proxecto que organiza a Dirección

Xeral de Xuventude propón a organización da 1ª Liga galega de break, coa que se quere dotar a Galicia dun volumen mínimo de eventos desta disciplina ligados ao ámbito deportivo, formativo e recreativo, neste caso a través de competicións dirixidas aos/as novos/as practicantes de break da nosa comunidade, ao mesmo tempo que se promove o seu desenvolvemento coa oferta de talleres formativos dirixidos ao público xeral que queira iniciarse nesta disciplina deportiva de proxección olímpica.

SOLICITAN de parte do concello o seguinte:

- A colaboración do concello na cesión do uso do Parque da Xunqueira e en caso de mal tempo a utilización da Pza. da Peixería.
- Unha toma de luz/corrente habilitada e accesible preto da zona do evento.
- Valos ou catenarias para asegurar o perímetro da zona participativa.
- Persoal de Protección Civil/Policía Local que supervise o entorno do evento
- Reserva de aparcadoiro para descarga e carga do material.

A Concelleira de Xuventude e Voluntariado, despois de recibir unha petición por escrito, a través do rexistro Xeral do concello con data 11/05/21, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social (Xunta de Galicia) e na súa representación, da Directora do Espazo Xove de Vilagarcía de Arousa, solicitando colaboración e uso de espazo público para desenvolver, no noso municipio, unha das actividades da “1ª LIGA GALEGA DE BREAK” e que terá lugar o vindeiro día 19 de xuño de 2021 e en horario de mañá e tarde, por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º) A colaboración do concello para o desenvolvemento da actividade e a utilización do espazo público da Praza da Xunqueira ou (en caso de mal tempo) da Praza da Peixería do proxecto “1ª LIGA GALEGA DE BREAK” en Vilagarcía o 19 de xuño e en horario de mañá e tarde.

2º) A colaboración dos efectivos de Protección Civil para realizar tarefas de colaboración na supervisión do evento así como o de poñer a disposición unha ambulancia para facer fronte a calquera incidencia médica ou sanitaria que poida acontecer.

3º) A colaboración da Policía Local para a realización de tarefas de vixilancia e velar polo bo desenvolvemento da actividade e realizar unha reserva de aparcamento, para facilitar as tarefas de carga e descarga, na rúa próxima ao escenario do Parque da Xunqueira e se fixera falta, por mal tempo, na contorna da Praza da Peixería, para todo o día 19 de xuño.

4º) A colaboración do Departamento de Obras para facilitar valos ou catenarias para asegurar o perímetro da zona participativa.

5º) A colaboración do Departamento de Electricidade para facilitar unha toma de corrente no Parque da Xunqueira.

Así mesmo, acórdase autorizar á entidade organizadora (Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia) o uso dos espazos/locais municipais para a finalidade citada, debendo cumprir o seguinte:

- Achegar, antes do comezo da actividade, o seguro de responsabilidade civil e de accidentes da actividade e copia do recibo de abono do mesmo.
- Responsabilizarse do control de acceso e saída ao recinto solicitado así como do desenvolvemento da actividade no relativo ao control dos aforos permitidos nas instaacións a utilizar conforme o establecido polas autoridades sanitarias para o día 19 de xuño, en relación coas medidas de prevención do COVID-19 (uso de mascarilla, distancia de seguridade, uso xel hidroalcolico para desinfección de mans etc.)
- Cumprir as medidas hixiénico-sanitarias vixentes en todo momento nas instalacións solicitadas así como aquelas ditadas polas autoridades sanitarias competentes para facer fronte á COVID-19 no lugar do desenvolvemento da actividade (Pza. da Xunqueira ou Pza. da Peixería). A respectar, as normas municipais de réxime interior das respectivas instalacións.
- Será a cargo da entidade organizadora, calquera tipo de taxa, imposto, Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que se deriven do desenvolvemento da actividade.
- A responder dos actos que se realicen nas instalacións concedidas e das consecuencias que deles se deriven, así como de toda responsabilidade civil derivada de calquera acto.

As actividades que desenvolva o grupo de participantes na actividade ou entidade organizadora non teñen consideración de actividade propia do concello de Vilagarcía, polo que os riscos, accidentes e danos derivados das actividades que desenvolva a entidade ou grupo serán responsabilidade exclusiva da dita entidade organizadora.

- Será responsabilidade da entidade organizadora facer cumprir as medidas de prevención do COVID-19 sinaladas polas autoridades sanitarias que estean vixentes o día 19 a todos os/as participantes na actividade

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2021/1643**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Globalia Urbanismo Integral SL para o subministro de un banco para insertar na xardiñeira instalada na Rúa Arcebispo Lago, por un importe total de 1.806,42 € (IVE incluído) con cargo á partida 1530.62500.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/1833**

Dáse conta da sinatura da prórroga do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020. (Segunda adenda para o ano 2021).

As accións de prevención e defensa contra os incendios forestais que deberá executar a entidade local de Vilagarcía de Arousa no marco deste convenio durante o ano 2021 serán as seguintes:

- Participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado en vías e camiños de titularidade municipal en 10 hectáreas. Total da axuda que se poderá recibir: 1.301,00 €

- Participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a contratación durante 3 meses dunha brigada de 5 compoñentes para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de até un máximo de 10.0348 hectáreas /brigada de traballos de prevención mediante o control do combustible de forma manual:

- Axuda máxima vixilancia/defensa: 15.934,62 €/brigada
- Axuda máxima prevención: 11.250,00 €/brigada
- TOTAL AXUDA EN MATERIA DE LABORES DE BRIGADA: 27.184,62 €

A Xunta de Goberno local queda sabedora e acorda aprobar a prórroga do citado Convenio.

#### **PRP2021/1863**

Dáse conta de proposta de resolución de expediente sancionador incoado por Augas de Galicia, contra o Concello en materia de desatención a un requirimento por verquidos no Porto de Vilagarcía (clave DH.D36.73280), impondo unha sanción de 4.500 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/1864**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2021 de adxudicación do contrato de servizos para a promoción de paquetes turísticos no Concello de Vilagarcía de Arosua, vinculados co Camiño de Santiago, figurando no mesmo:

...)

"A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa Tee Travel o contrato de servizos, por un importe total de 3.630,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22799, ..."

E debendo figurar:

...)

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa TEETRAVEL SL o contrato de servizos, por un importe total de 3.630,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22799,"

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

### **PRP2021/1865**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2021 de sinatura dun contrato menor de publicidade con Oftefor CB-Corticata Turismo, figurando no mesmo:

...)

Coa finalidade de promocionar este produto de A ORIXE DO CAMIÑO, a Xunta de Goberno Local acorda a sinatura dun contrato menor de publicidade con Oftefor CB-Corticata Turismo, con CIF E36418283, e Náutica Medusa, S.L. con CIF B36595288, por importe, cada un deles, de 2.178 € (IVE engadido), con cargo á partida 132.22602. "

E debendo figurar:

Coa finalidade de promocionar este produto de A ORIXE DO CAMIÑO, a Xunta de Goberno Local acorda a sinatura dun contrato menor de publicidade con Oftefor CB-Corticata Turismo, con CIF E36418283, e Náutica Medusa, S.L. con CIF B36595288, por importe, cada un deles, de 2.178 € (IVE engadido), con cargo á partida 432.22602. "

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

## **CULTURA**

### **PRP2021/1871**

Vista a solicitude de D. Juan Fernando Bao Hernández, en representación da UC de CCOO de Arousa, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 7 de xuño de 2021, en horario de 9 a 14 horas, para a celebración dunha Asemblea de Delegados da Federación de Industria da Unión Comarcal de CCOO, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Será responsabilidade do solicitante que se cumpran as medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, así como do control do aforo da sala autorizada, que será do 50% segundo o establecido na Orde do 28 de maio de 2021 da Consellería de Sanidade, publicada no DOG de 28 de maio de 2021.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

### **PRP2021/1872**

Vista a solicitude de Dona Rosa Maria Gomez Cerdeira, en representación de IES Miguel Angel González Estevez, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 8 de xuño de 2021, en horario de 16 a 19 horas, para a celebración dun acto coa escritora Arantza Portabales, para a presentación do libro "Deixe a súa mensaxe despois de oír a sinal"., debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar copia da póliza de seguro responsabilidade civil e sinistros, e recibo de aboamento da mesma.

Será responsabilidade do solicitante que se cumpran as medidas de prevención como

consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, así como do control do aforo da sala autorizada, que será do 50% segundo o establecido na Orde do 28 de maio de 2021 da Consellería de Sanidade, publicada no DOG de 28 de maio de 2021.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2021/1873**

Vista a solicitude de Dona Alejandra Fuentes Rodríguez, en representación da Comunidade de Propietarios Alejandro Cerecedo nº 8, Portal 2, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, os días 11 e 18 de xuño de 2021, en horario de 19 a 21 horas, para a celebración dunha reunión da Comunidade de Propietarios, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Será responsabilidade do solicitante que se cumpran as medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, así como do control do aforo da sala autorizada, que será do 50% segundo o establecido na Orde do 28 de maio de 2021 da Consellería de Sanidade, publicada no DOG de 28 de maio de 2021.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala de Conferencias do Auditorio Municipal: 4 horas x 15,25 €/dia-hora.
- TOTAL: 61,00 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

### **PRP2021/1875**

Vista a solicitude de Dona D. Santiago Daniel Álvarez Iglesias, en representación da Fundación Empresa Universidad Gallega, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 27 de maio de 2021, durante todo o día, para a celebración dun acto no marco do desenvolvemento do proxecto Grupo Operativo VITICAST organizado pola Estación Fitopatolóxica do Areeiro, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Será responsabilidade do solicitante que se cumpran as medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, así como do control do aforo da sala autorizada, que será do 50% segundo o establecido na Orde do 28 de maio de 2021 da Consellería de Sanidade, publicada no DOG de 28 de maio de 2021.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Salón de Actos do Auditorio Municipal: 1 día: 264,70 €
- Responsable de Sala: 12 horas x 10,20 €/hora: 122,40 €.
- TOTAL: 387,10 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

## **CONTRATACIÓN**

**PRP2021/1797**

Dáse conta da entrega por parte do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, das obras de "Restauración e musealización dos xacementos Galaico-Romanos de Pontevedra. Trazas de Pontevedra, Fase I - Castro de Aobre (Vilagarcía de Arousa), tendo lugar a recepción das obras de referencia con data 14 de abril de 2021.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2021/1805**

Dáse conta de notificación da Dirección Xeral de Planificacións Enerxéticas e Recursos Naturais de inclusión co nº de orde 5, na listaxe de agarda para a concesión dunha subvención para o proxecto "Ampliación da instalación de hidrantes para a loita contra incendios no P.E. de Trabanca Badiña".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2021/1806**

Dáse conta de notificación da Dirección Xeral de Planificacións Enerxéticas e Recursos Naturais de concesión dunha subvención para o proxecto "Reordenación da sinalización viaria do P.E. de Trabanca Badiña":

Investimento subvencionable: 16.670,81 €

Subvención concedida: 13.336,65 € (80%)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2021/1817**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, Mobilidade e Xestión dos Fondos Europeos, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a D. Iago Fernández Puentes, a redacción do proxecto técnico e estudo de seguridade das obras de "Mellora e acondicionamento de acceso ao entorno de Trabanca Sardiñeira", por un importe de 1.900,00 € (IVE excluído), dando un importe total de 2.299,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

**PRP2021/1820**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, Mobilidade e Fondos Europeos, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos denominado "Redación de orzamentos parciais de instalación para a reforma de local na rúa Castelao 7 para biblioteca municipal", á mercantil Inous Enxeñería Global, S.L. (B70165428), por importe de 8.000,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1680,00€ o que totaliza un importe de adxudicación de 9.680,00€ (IVE engadido), con cargo á partida 150.640.

**PRP2021/1866**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de abril de 2021 de modificación da solicitude de subvención, con cargo ao Plan Concellos 2021 do investimento denominado "Humanización da rúa Arcebispo Lago", figurando no mesmo:

| Denominación                       | Importe proxecto | Solicitude financiamento ao Plan Concellos 2021 | Fondos propios do concello/achegas doutras Administracións Públicas |
|------------------------------------|------------------|---|---|
| Humanización da rúa Arcebispo Lago | 636.435,80€      | 384.990,62€                                     | Edusi: 151.445,18€<br>Ágora:100.000,00€ (Deputación Provincial)     |

E debendo figurar:

| Denominación                       | Importe proxecto | Solicitude financiamento ao Plan Concellos 2021 | Fondos propios do concello/achegas doutras Administracións Públicas |
|------------------------------------|------------------|---|---|
| Humanización da rúa Arcebispo Lago | 636.435,80€      | 384.990,02€                                     | Edusi: 151.445,78€<br>Ágora:100.000,00€ (Deputación Provincial)     |

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corraxir o erro indicado.

**PRP2021/1867**

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2021 en relación co

cambio de ubicación da estufa de pellets prevista para o Centro Cultural de Breogán de O Piñeirño, destinandoa para o Centro Cultural de Trabanca Sardiñeira e aprobación dun novo orzamento presentado por Instalaciones Ecovila SL, por importe de 10.920,25 €.

A Xunta de Goberno Local acorda completar o acordo de Xunta de Goberno Local facendo constar que o citado gasto a favor de Instalaciones Ecovila SL polo importe de 10.920,25 €, se realiza con cargo á partida orzamentaria 334.62300.

#### **PRP2021/1868**

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de concesión dunha subvención por reinversión de baixas, por importe de 15.259,98 €, co obxecto do financiamento do investimento "ampliación da rede de saneamento e de pluviais na Rúa Verderol - As Carolinas, cun orzamento polo mesmo importe.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/1869**

Dáse conta de resolución de 5 de marzo de 2021 da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de reaxuste dos importes das anualidades nas que se ten distribuída a axuda concedida para a elaboración do PXOM, quedando establecida do seguinte xeito:

| Fases de execución          | Porcentaxe | Importe     | Anualidades |             |
|-----------------------------|------------|-------------|-------------|-------------|
| Pres. para inf. preivo á AI | 20%        | 53.420,40 € | 2021        | 53.420,40 € |
| Aprobación Inicial          | 20%        | 53.420,40 € | 2022        | 53.420,40 € |
| Aprobación provisional      | 20%        | 53.420,40 € | 2023        | 53.420,40 € |
| Aprobación definitiva       | 20%        | 53.420,40 € | 2024        | 53.420,40 € |

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Dar conta a Alfonso Botana SL aos efectos de presentación da factura que corresponda.

#### **PRP2021/1816**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, Mobilidade e Xestión dos Fondos Europeos, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a D. Iago Fernández Puentes, a redacción do proxecto técnico e estudo de seguridade das obras de "Humanización do entronque de Rodrigo de Mendoza coa Rúa Figueiras", por un importe de 3.600,00 € (IVE excluído), dando un importe total de 4.356,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

#### **PRP2021/1915**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de abril de 2021, acordouse aprobar a Memoria Técnica Valorada, redactada polo Enxeñeiro Técnico don Óscar Álvarez González, denominada "SUBMINISTRO DE MAQUINA SEGADORA DE CESPED ESPECIAL PARA CUIDADO DE CAMPOS DE FÚTBOL", cun orzamento de licitación de 18.029,00€ (IVE engadido). Solicitando o seu co-financiamento con cargo á reinversión das baixas obtidas nos investimentos do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos)2018/2019, na anualidade 2019, en data 28/04/2021.

Por Resolución Presidencial de data 25/05/2021 concedeuse a subvención por aplicación de baixas por importe de 7.979,71 € para financiar o investimento denominado "Subministro de Máquina Segadora de césped especial para o coidado dos Campos de Fútbol", sendo o importe restante co-financiado con fondos propios por importe de 10.049,29 €

A Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato menor de subministro denominado "SUBMINISTRO DE MAQUINA SEGADORA DE CESPED ESPECIAL PARA CUIDADO DE CAMPOS DE FÚTBOL", á mercantil DELTACINCO LINEA VERDE, S.L (NIF: B34161927) por un importe de 13.835,04 € (IVE excluído), ó que lle corresponde un IVE (21%) de 2.905,36 € ó que totaliza un prezo (IVE engadido) de 16.740,40 €, co-financiado con cargo ás baixas obtidas nos

investimentos do Plan Concellos 18/19 na anualidade 2019, e con cargo á partida orzamentaria 342.62300.

### PRP2021/1918

Dáse conta de resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de concesión de subvención, por aplicación de baixas, por importe de 7.979,71 €, co obxecto do financiamento do investimento "Subministración de máquina segadora de céspede especial para coidade de campos de fútbol", cun orzamento de 18.029,00 €, sedo co-financiado o importe restante de 10.049,29 € polo propio Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### PRP2021/1919

Dáse conta do expediente de contratación CT 41/2021-e, tramitado mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria para adxudicar o contrato de "Concesión administrativa para a explotación do quiosco-bar ubicado no Parque da Praia Compostela, denominado "Pavillón de Servizos", cun canon anual mínimo de 1.600,00€/tempada

Dáse conta dos licitadores presentados:

1. D<sup>a</sup> Ionela Cristina Estoica
2. D<sup>a</sup>.Delia Survey Rolo Luis
3. D. Roberto Castellanos Torres
4. D. Daniel Stam
5. D. Manuel Méndez Romero
6. D<sup>a</sup>.Sofía Fernández Fariña
7. D<sup>a</sup>.Eva María Saavedra Romero
8. D. Dorel Stam
9. D. Dario Fole Rodríguez
- 10.D<sup>a</sup>. Margarita Rosa Arango Casanova

Dáse conta de que a Mesa de Contratación, por unanimidade, acordou excluír da licitación a D<sup>a</sup>.Margarita Rosa Arango Casanova por non presentar o proxecto técnico.

Dáse conta do informe técnico de valoración realizado polo servizo de promoción económica do Concello, en relación aos proxectos (propostas técnicas) presentados polos licitadores admitidos. No citado informe indícase que "Vistas as propostas técnicas (proxectos) presentadas polos licitadores admitidos e unha vez aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, propónse o outorgamento da seguinte puntuación nos criterios baseados en xuízo de valor:

| Nº licitador | Nome                                       | Puntuación proposta |
|--------------|--|---------------------|
| 1            | D <sup>a</sup> . Ionela Cristina Stoica    | 15                  |
| 3            | D. Roberto Castellanos Tores               | 25                  |
| 4            | D. Daniel Stam                             | 17                  |
| 5            | D. Manuel Méndez Romero                    | 19.33               |
| 6            | D <sup>a</sup> . Sofia Fernández Fariña    | 10                  |
| 7            | D <sup>a</sup> . Eva María Saavedra Romero | 12,66               |
| 8            | D. Dorel Stam                              | 15                  |
| 9            | D. Dario Fole Rodríguez                    | 16.66               |

Dáse conta da oferta económica e documentación relativa a criterios avaliáveis de forma automática", presentadas polos licitadores admitidos, seguintes:

| LICITADOR                                   | PREZO/MES OFERTADO | HORARIO OFERTADO                   |
|---|--------------------|------------------------------------|
| 1.- D <sup>a</sup> . Ionela Cristina Stoica | 600,00€            | Luns a domingo de 09:00 a 02:30 h. |
| 3.- D. Roberto Castellanos Torres           | 1.000,00 €         | Luns a domingo de 09:00 a 23:00 h. |

|  |            |  |
|--|------------|--|
| 4.- D. Daniel Stam                             | 800,00 €   | Luns a domingo de 09:00 a 02:30 h.   |
| 5.- D. Manuel Méndez Romero                    | 450,00 €   | Luns a mércores de 08:30 a 01:00 h.<br>Xoves a domingo de 08:30 a 02:00 h. |
| 6.- D <sup>a</sup> . Sofia Fernández Fariña    | 1.775,00 € | Luns a domingo de 10:00 a 02:30 h.   |
| 7.- D <sup>a</sup> . Eva María Saavedra Romero | 1.005,00 € | Luns a domingo de 09:00 a 23:00 h.   |
| 8.- D. Dorel Stam                              | 1.000,00 € | Luns a domingo de 09:00 a 02:30 h.   |
| 9.- D. Dario Fole Rodríguez                    | 1.800,00 € | Luns a mércores de 10:00 a 23:00 h.<br>Xoves a domingo de 10:00 a 01:00 h. |

Unha vez aplicados os criterios de valoración e adxudicación contidos cláusula XII do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexe a licitación, o resultado da valoración dos criterios avaliados automaticamente é o seguinte:

| OFERTA ECONÓMICA                           | PREZO PUNTOS | HORARIO PUNTOS |
|--|--------------|----------------|
| D <sup>a</sup> . Ionela Cristina Stoica    | 18,33        | 20,00          |
| D. Roberto Castellanos Tores               | 30,56        | 16,00          |
